



CONCELLO DE ARTEIXO

SECRETARÍA

RELGA N.º 2000/141

Praza Alcalde Ramón Dopico, 1
15142 ARTEIXO (A Coruña)

Telf.: 981 60 00 09

Fax: 981 60 24 17

Email: secretaria@arteixo.dicoruna.es

SECRETARÍA XERAL REFª: MEAM/PILAR/2010

Téndose publicado no BOP de data 7-abril-2010 anuncio relativo a **APROBACIÓN INICIAL DO REGULAMENTO DO PARQUE DE EDUCACIÓN VIARIA DO CONCELLO DE ARTEIXO**, e non presentándose reclamacións publícase o texto íntegro da devandita ordenanza para xeral coñecemento:

REGULAMENTO DO PARQUE DE EDUCACIÓN VIARIA DO CONCELLO DE ARTEIXO

TÍTULO I: OBXECTIVO E FINALIDADE DO PARQUE

Artigo 1º.- O presente Regulamento ten por obxecto a regulamentación do funcionamento do Parque de Educación Viaria do Concello de Arteixo, propiedade deste Concello e baixo cuxo control e vixilancia se encontra.

Artigo 2º.- A Dirección Xeral de Tráfico, a través da súa Xefatura Provincial da Coruña, poderá comprobar o uso educativo das instalacións, así coma dos métodos de ensino que nelas se empreguen e poderá facerlle ao Concello as observacións que estime pertinentes en orde á boa marcha de dito Parque de Educación Viaria.

Artigo 3º.- Entenderase como Parque de Educación Viaria do Concello de Arteixo, aquela instalación fixa constituída por un circuíto con vías e reprodución de situacións de circulación, contendo todos aqueles elementos de ordenación e regulamentación do tráfico, así coma equipamentos de vehículos que non poderán ser outros que bicicletas, ciclomotores e karts adaptados ao ensino da educación viaria, e cun exclusivo fin educativo en aplicación dos programas que se determinen regulamentariamente polos órganos competentes.

Artigo 4º.- O Parque de Educación Viaria do Concello de Arteixo encóntrase situado no Polígono Industrial de Sabón, Avenida de Arsenio Iglesias, deste Concello (entre a piscina e o estadio municipal).

CAPÍTULO I: OBXECTIVOS PEDAGÓXICOS

Artigo 5º.- OBXECTIVOS XERAIS:

- a) Facilitar e promover a formación relativa sobre seguridade viaria ás persoas usuarias do Parque.
- b) Completar e ampliar a formación e contidos de seguridade viaria que as persoas usuarias recibiron noutras institucións ou por outros medios.
- c) Facilitarlle ás persoas usuarias os medios prácticos necesarios para integrar e contextualizar coñecementos e condutas axeitadas e seguras.



CONCELLO DE ARTEIXO

SECRETARÍA

RELGA N.º 2000/141

Praza Alcalde Ramón Dopico, 1
15142 ARTEIXO (A Coruña)

Tel.: 981 60 00 09

Fax: 981 60 24 17

Email: secretaria@arteixo.dicoruna.es

- d) Favorecer e fomentar a convivencia respectuosa, educada e cívica das persoas usuarias nas vías públicas.
- e) Promover e fomentar no ámbito municipal comarcal, rexional e nacional; actividades, xornadas e eventos que faciliten o coñecemento desta materia.

CAPÍTULO II: OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

- a) As persoas monitoras baixo a supervisión da Dirección do Parque, realizará a determinación dos obxectivos tendo en conta a idade, os agrupamentos, materiais, instalacións, situación, accesos, etc.
- b) Familiarizarse ás persoas usuarias cos elementos que definen e constitúen as normas e sinais ordenadoras e reguladoras do tráfico: formas, cores, iconas, marcas, etc..., mediante:
 - Desenvolvemento de hábitos de observación.
 - Ordenación dunha conduta viaria.
 - Enumeración e ordenación preceptiva dos elementos reguladores e informativos do tráfico, así coma a asociación destes cos conceptos de perigo, precaución, preferencia, detención, etc.
 - Coñecer e definir as características mecánicas e de seguridade dos vehículos que se utilicen, así coma o seu mantemento e posta a punto.
 - Promover e fomentar actitudes de respecto e coidado da contorna viaria e o medio ambiente.
 - Estudar con exercicios prácticos con referencia á realidade, os itinerarios habituais.

CAPÍTULO III: METODOLOXÍA

Os contidos que se seleccionen para estes obxectivos deben impartirse de forma teórica e práctica, cubrindo os ámbitos de peón, condutor e viaxeiro, así coma cursos dirixidos aos grupos de risco (invidentes, persoas con eivas, inmigrantes, ...). As actividades para a consecución destes contidos, metodoloxía, así coma a súa avaliación, serán valoradas e propostas pola Dirección do Parque que será experta en materia de educación viaria.

TÍTULO II: TITULARIDAD DO PARQUE

Artigo 6º.- A titularidade do Parque de Educación Viaria do Concello de Arteixo corresponderalle ao Concello desta localidade, que exercerá as funcións de control e vixilancia do mesmo e ostentará a responsabilidade do funcionamento daquel.

Artigo 7º.- A Xunta Rectora, a través do Director do Parque de Educación Viaria, poderá establecer acordos de colaboración con outras entidades ou organismos para desenvolver as determinadas actividades que se programen en cada exercicio.



CONCELLO DE ARTEIXO

SECRETARÍA

RELGA N.º 2000/141

Praza Alcalde Ramón Dopico, 1
15142 ARTEIXO (A Coruña)

Tel.: 981 60 00 09

Fax: 981 60 24 17

Email: secretaria@arteixo.dicoruna.es

TÍTULO III: ORGANIZACIÓN

Artigo 8º.- Os órganos encargados do funcionamento e dirección do Parque de Educación Viaria de Arteixo serán a Xunta Rectora e o Director.

Artigo 9º.- A XUNTA RECTORA: COMPOSICIÓN

A Xunta Rectora do Parque de Educación Viaria do Concello de Arteixo estará integrada polos seguintes membros: PRESIDENCIA, VICEPRESIDENCIA, SECRETARIA/O E VOGAIS.

- PRESIDENCIA: A persoa que ostente a Alcaldía do Concello de Arteixo .
- VICEPRESIDENCIA: A/o xefe provincial de tráfico ou persoa en quen delegue.
- SECRETARÍA: Secretaria/o xeral do Concello ou persoa en quen delegue.
- VOGAIS:
 - A persoa que ostente a xefatura da Policía Local do Concello de Arteixo
 - A persoa que ostente a Concellería de Educación do Concello de Arteixo
 - A persoa directora do Parque de Educación Viaria de Arteixo
 - Unha persoa representante da Consellaría de Educación e Ordenación Universitaria

Artigo 10º.- A Xunta rectora reunirse de forma ordinaria como mínimo dúas veces ao ano, unha ao comezo do curso escolar e outra ao rematalo. De forma extraordinaria reunirse cando así o decida a Presidencia ou por iniciativa das dúas terceiras partes das persoas membros.

En canto ao funcionamento interno da Xunta rectora, estarase ao disposto na Lei 30/92 de Réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, sobre o funcionamento dos órganos colexiados.

Artigo 11º.- FUNCIONAMENTO

A Xunta constituirase validamente cando concorran cando menos os dous tercios dos seus compoñentes. Os acordos adoptaranse por maioría simple, servindo en caso de empate como voto de calidade o da Presidencia.

No caso de ausencia da persoa Presidenta, a Presidencia da reunión exercerase pola persoa Vicepresidenta, e en ausencia deste, pola persoa Concelleira de Educación do Concello de Arteixo.

Artigo 12º.- Das sesións da Xunta redactarase pola persoa Secretaria, a oportuna acta nun libro foliado e selado polo Concello.

Artigo 13º.- Correspóndenlle á Xunta Rectora as seguintes atribucións:

CONCELLO DE ARTEIXO



SECRETARÍA

RELGA N.º 2000/141

Praza Alcalde Ramón Dopico, 1
15142 ARTEIXO (A Coruña)

Tel.: 981 60 00 09

Fax: 981 60 24 17

Email: secretaria@arteixo.dicoruna.es

- a) Propoñerlle á Alcaldía- Presidencia do Concello, o nomeamento da persoa Directora do Parque de Educación Viaria do Concello de Arteixo.
- b) Propoñer o orzamento para o funcionamento do Parque.
- c) Aprobar os programas e calendarios de funcionamento anuais, así coma as actividades do Parque.
- d) Propoñer a contratación do persoal auxiliar para o desenvolvemento do ensino de educación viaria no Parque, cando cumpra.
- e) Supervisar o funcionamento da Dirección do Parque, así coma darlle o visto e prace ás memorias anuais.
- f) Solicitalle á Administración as axudas e subvencións que para este tipo de instalacións prevé a lexislación actual.

Artigo 14º.- A persoa Directora do Parque de Educación Viaria posuirá cando menos o título de Experto Universitario con titulación afín á educación viaria e cando menos cinco anos de experiencia como coordinador de educación viaria nalgún organismo público, valoraranse outras titulacións específicas sobre a materia. O seu nomeamento corresponderalle á Alcaldía – Presidencia.

As súas competencias serán:

- a) Executará os acordos da Xunta Rectora, sendo responsábel da súa culminación.
- b) Velará polo cumprimento dos programas educativos e calendarios que, a proposta del, aprobará a Xunta Rectora.
- c) Será responsábel do funcionamento do Parque e de todo o persoal adscrito a el.
- d) Estarán baixo a súa vixilancia todo o material didáctico e as instalacións, as cales serán mantidas en perfecto estado de funcionamento.
- e) Dirixirá a elaboración dos programas, calendarios e orzamentos do Parque, que propoñerá anualmente á Xunta Rectora.
- f) Coordinará cos centros escolares os calendarios de actividades do Parque Infantil de Tráfico.
- g) Coordinará coa Xefatura Provincial de Tráfico da Coruña os programas e contidos de educación viaria, tanto teóricos como prácticos.

TÍTULO IV: PERSOAS MONITORAS

Artigo 15º.- O Parque adscribirase dentro dun plan de etapas do propio funcionamento das instalacións e programas, dun número de persoas monitoras de educación viaria, suficientes para o desenvolvemento do ensino programado, así coma de persoal e infraestrutura burocrática suficientes para a realización da xestión.

As persoas monitoras poderán ser persoal seleccionado do Corpo da Policía Local do Concello de Arteixo, liberados ou semiliberados das tarefas policiais, dentro da xornada laboral, e adscritos ao parque e propostos pola súa Xefatura á Xunta Rectora e/ou aquelas persoas que a proposta da referida Xunta e con informe da Dirección do Parque, se estime



CONCELLO DE ARTEIXO

SECRETARÍA

RELGA N.º 2000/141

Praza Alcalde Ramón Dopico, 1
15142 ARTEIXO (A Coruña)

Tel.: 981 60 00 09

Fax: 981 60 24 17

Email: secretaria@arteixo.dicoruna.es

oportuno nun proceso de selección, sen menoscabo de que esixa para ditas funcións pasar por cantos cursos se estimen oportunos para lograr unha preparación axeitada para impartir as materias e tarefas encomendadas.

Artigo 16º.- Para o currículo de selección das persoas monitoras de educación viaria deberase esixir cando menos:

- a) Posuír algún curso de educación viaria outorgado ou dirixido pola Dirección Xeral de Tráfico ou as súas Xefaturas, ou de carácter universitario.
- b) Posuír o título de Bacharelato, FP2 ou equivalente.
- c) Escribir a máquina e ter un bo manexo de ordenador.
- d) Posuír o permiso de conducir B2.
- e) Ter cumpridos os 18 anos de idade.

Artigo 17º.- As ordes do Director ou das persoas monitoras de educación viaria serán de obrigado cumprimento para todas as persoas usuarias e asistentes ao Parque Infantil de Tráfico.

TÍTULO V: RÉXIME DE FUNCIONAMENTO

Artigo 18º.- Previa á asistencia das/os escolares ao Parque de Educación Viaria, deberán ter recibido os contidos teóricos determinados pola organización do parque e en colaboración cos centros escolares no ámbito local e comarcal.

Só poderán utilizar as instalacións do Parque nas datas e horas fixadas e aprobadas pola Xunta Rectora no Plan Anual aquelas nenas e nenos así coma a rapazada integrada dentro da educación obrigatoria que teñan recibido instrución teórica previa sobre normas e sinais esenciais de circulación nos seus respectivos centros escolares ou no propio Parque.

Estas actividades deben cubrir, ademais dos obxectivos propostos e de acordo coas instrucións que emanen da Dirección Xeral de Tráfico a través da súa Xefatura Provincial, a preparación do alumnado para a súa participación en campionatos locais, comarcais, provinciais, rexionais e nacionais que se celebren cada ano.

Estas actividades serán fixadas nun calendario anual correspondente ao curso escolar e que será entregado a cada un dos centros escolares antes do seu inicio. Sen embargo, a Dirección do Parque reserva a posibilidade de promover outro tipo de actividades durante o ano en curso, incluso aínda que non coincida co curso escolar de que se trate (actividades de verán, fin de semana, colectivos específicos,...)

Artigo 19º.- A asistencia ao Parque da veciñanza de Arteixo será gratuíta e canalizarase a participación dos centros escolares a través da Dirección do Parque, sen prexuízo dos convenios de colaboración que se poidan asinar con outros organismos cando se estime conveniente pola Xunta Rectora. Ditos acordos poderán xerar o cobramento dunha taxa, a cal se regulará por unha Ordenanza fiscal específica.

A asistencia deberase facer en unidades escolares predeterminadas na programación de ensino obrigatorio, baixo a responsabilidade e tutela do centro escolar ao que pertenza.



CONCELLO DE ARTEIXO

SECRETARÍA

RELGA N.º 2000/141

Praza Alcalde Ramón Dopico, 1
15142 ARTEIXO (A Coruña)

Tel.: 981 60 00 09

Fax: 981 60 24 17

Email: secretaria@arteixo.dicoruna.es

Durante o curso escolar, exceptuando os meses de rigoroso inverno ou días de chuvia que non permitan a permanencia das nenas e nenos no Parque e agás outras causas xustificadas, funcionará este como mínimo durante os días lectivos do curso escolar, reservando as fins de semana e os meses de verán para outras actividades que marque a Xunta Rectora, debéndose coordinar ditos horarios e datas co calendario escolar dos centros que participen.

TÍTULO VI: MANTEMENTO E VIXILANCIA DAS INSTALACIÓNS

Artigo 20º.- O Concello de Arteixo encargarse do mantemento de todas as instalacións do Parque de Educación Viaria, así coma dos gastos de electricidade, megafonía, saneamentos, pavimentos, beirarrúas, xardinería, limpeza, así coma de dispoñer do material móbil que determina e as reparacións e melloras por causa do tempo e uso.

Artigo 21º.- O Parque contará co necesario para o desenvolvemento das actividades propias do mesmo, no referente tanto ao material didáctico coma aos vehículos a utilizar (karts, bicicletas e ciclomotores).

Artigo 22º.- Dotarase á Dirección do Parque dos vehículos e elementos de apoio necesarios.

TÍTULO VII: SISTEMA DE FINANCIAMENTO

Artigo 23º.- O Concello de Arteixo dotará unha partida no orzamento para o sostemento do funcionamento do Parque de Educación Viaria, en colaboración coa Xefatura Provincial de Tráfico.

A Dirección do Parque poderá xestionar e propoñerlle á Xunta Rectora e esta ao Concello, proposta de subvención ou patrocinio de particulares, empresas ou outras entidades para a realización de actividades que no estean asumidas polos orzamentos ou mantemento da concesión, por medio de publicidade dentro do Parque de Educación Viaria, a cal se reserva exclusivamente para a súa distribución para o Concello de Arteixo, formalizando un convenio para tal fin co Concello de Arteixo, e que se regulará polo procedemento correspondente.

TÍTULO VIII: SEGUROS

Artigo 24º.- O Concello de Arteixo comprométese, a manter unha póliza de responsabilidade civil xeral que ampare todas as responsabilidades que poidan derivárselle como propietario do Parque de Educación Viaria en todas as actividades desenvolvidas baixo a súa dirección. As responsabilidades civís que se deriven das actuacións da Xunta Rectora, do director do parque e de todos e cada un dos compoñentes da organización e funcionamento do Parque de Educación Viaria, serán amparadas pola mesma, ou por outra póliza que subscriba o concello.

CONCELLO DE ARTEIXO



SECRETARÍA

RELGA N.º 2000/141

Praza Alcalde Ramón Dopico, 1
15142 ARTEIXO (A Coruña)

Tel.: 981 60 00 09

Fax: 981 60 24 17

Email: secretaria@arteixo.dicoruna.es

DISPOSICIÓN ADICIONAL.- Corresponderalle ao Concello de Arteixo a interpretación dos preceptos contemplados neste Regulamento.

DISPOSICIÓN FINAL.- Este Regulamento entrará en vigor unha vez teña sido publicado o seu texto íntegro no BOP e transcorrido o prazo esixido no artigo 70.2 da Lei reguladora das bases de réxime local.

En todo o non regulado polo presente Regulamento, será de aplicación de forma supletoria a lexislación sobre Réxime local”.

En Arteixo, a 21 de maio de 2010.

Asdo.: PILAR SOUTO IGLESIAS
ALCALDESA-PRESIDENTA